



## COMUNICADO OFICIAL ÓRGANOS COLEXIADOS CPPI DOS DICES

Este Claustro de Profesorado/Consello Escolar do CPPI dos Dices Rois, á vista dos acontecementos que se veñen producindo ultimamente en relación ás reivindicacións da maioría da comunidade educativa a favor da implantación dun novo horario xeral para o centro, manifesta o seguinte:

1. A situación actual do centro, derivada da existencia no mesmo dun horario ilegal, debe ser solventada o antes posible polo ben do noso alumnado, das súas familias e do propio ensino público.
2. Este horario leva implantado máis de quince anos, nos cales a administración pública estivo realizando un considerable aforro económico a costa dos dereitos recollidos na lexislación do alumnado de Rois. Durante os primeiros anos non se produciu unha demanda de cambio por parte da comunidade educativa, pero os cambios sociais e familiares levaron a que aparecese esta demanda nos últimos tempos.
3. O cumprimento da lei nunca pode ser supeditado a motivos económicos, máxime tratándose da administración pública. Non é admisible aceptar ou impoñer unha situación ilegal e prexudicial para a cidadanía coa explicación de que para arranxalo fan falta recursos económicos. A lei non se cumpre só cando non custa cartos facelo, hai que cumprila sempre.
4. A situación do alumnado do CPPI dos Dices, ademais, supón un agravio comparativo cos alumnos e alumnas de outros centros galegos e españois.
5. Este órgano colexiado apoia e solidarízase co alumnado afectado por esta situación e coas súas familias, manifestando o acordo con elas a favor dunha solución a este conflito. Solución que, estimamos, é cuestión de vontade política.
6. As decisións foron adoptadas polas familias en asemblea aberta e universal da ANPA do centro sempre por maioría. Nun estado democrático as decisións da maioría son as que se respectan. Existe unha minoría entre as familias que pretende impoñer o seu criterio negando calquera tipo de solución e pretendendo que os seus fillos e fillas –e os dos demais- continúen sufrindo unha situación ilegal. O seu criterio é minoritario e, polo tanto, non pode ser imposto.
7. Este grupo minoritario leva realizado accións totalmente inadmisibles contra outros membros da comunidade educativa, polo que este órgano colexiado e cada un dos seus membros se reservan o dereito de adoptar medidas legais si continúan por ese camiño. Mentir, difamar, enviar anónimos e outras condutas parecidas nunca poden formar parte da vida dun centro educativo nin solucionar conflito ningún.
8. Este Claustro de profesorado/Consello Escolar amosa a súa preocupación pola situación actual e os prexuízos ao propio ensino e á educación do noso alumnado derivados da mesma e solicita unha solución legal, xusta e que favoreza a mellor educación para os nosos alumnos e alumnas.